

## RURAL E VIDA

# Un hub de innovación que trata de paliar o despoboamento

O proxecto “Ourense rural é vida” nace como un ecosistema no que entidades locais, axentes socioeconómicos e particulares suman forzas para facer fronte a un territorio baleiro apostando polo potencial dos pequenos núcleos da provincia mediante a innovación en tódolos aspectos.

CAROLINA ALDARA

No rural hai vida e o “Ourense rural é vida”. Tanto é así, que ese mesmo é o nome do hub de innovación que trata de paliar o despoboamento. Naceu deste xeito un ecosistema no que entidades locais, axentes socioeconómicos e particulares sumamos forzas para facer fronte a esta problemática nos pequenos núcleos da provincia mediante a innovación aplicada en todos os aspectos, tanto económicos como sociais, ambientais e de igualdade de xénero.

Isto materialízase nunha “oficina técnica dende a que realizamos catro tipos de actividades: asesoramento aos concellos, intermediación entre persoas e iniciativas que están interesadas en asentarse no noso territorio, formación e encontros e comunicación”, explican os responsables do proxecto, que conta cun equipo formado por Eva Castro, Dani Diéguez, Juan Carlos Pérez e Gemma Castiñeira.

## TERRA DE OPORTUNIDADES

Detrás de “Ourense rural é vida” hai unha filosofía clara que parte do “convencemento e a constatación de que o rural galego é un territorio de oportunidades se somos capaces de integrar nel as enormes vantaxes das novas tecnoloxías e os valores da sustentabilidade, xunto coa riqueza do noso patrimonio e o crecente interese de persoas de contornas urbanas que queren comezar unha nova vida en contacto coa natureza, sen renunciar a uns servizos básicos de calidade”. O reto é custoso, iso sábeno ben os promotores da iniciativa, pero traballan convencidos de que “os cimentos que poñamos hoxe permitirán construír o rural que necesita a sociedade e o planeta, comezando polas persoas que viven e traballan nestes pequenos núcleos”.

Con orixe en San Xoán de Río e financiados cos fondos do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, hoxe traballan cun grupo con representantes dos concellos que son sede do proxecto e que teñen un alto grao de motivación e interese en desenvolver proxectos innovadores.



**O rango dos proxectos é moi amplo, poñendo en valor o rico e variado patrimonio**

O ámbito de actuación abarca os vinte e sete concellos do rural ourensán que no seu momento mostraron a súa adhesión á candidatura presentada ante o Ministerio, que abranguen a práctica totalidade das comarcas da provincia de Ourense. Nese territorio, o rango dos proxectos é moi amplo, precisamente “porque un dos seus piares é a posta en valor do rico patrimonio bioxeográfico, histórico e cultural”. E isto significa “alentar iniciativas do ámbito agroalimentario e forestal, do teletraballo e as novas tecnoloxías, de economía circular, de eficiencia e autoconsumo enerxéticos, de protección da biodiversidade, de vivenda, saúde, turismo sostible... sempre buscando proxectos perdurables e transferibles a outros puntos de Galicia e España”.

Para seleccionar os proxectos polos que apostar, “o enfoque que aplicamos é a metodoloxía HIP (Hexágono de Innovación Pública), que busca acelerar o cambio sistémico das organizacións a través da innovación entendida como redes de conversacións, con desexos, visións e afectos compartidos. É dicir, o noso traballo non é unidireccional, senón que nos baseamos na escoita activa, o goberno aberto e a creatividade de todas as persoas implicadas, comezando pola poboación local, porque a súa implicación é esencial”, precisan os promotores de “Ourense rural é vida”.

## POTENCIAL DO PATRIMONIO

E fano coa mirada posta no poten-



O proxecto aposta por aproveitar o potencial natural, económico e social do rural ourensán.

cial do territorio, un potencial “tan grande como o patrimonio natural e cultural que alberga”. Dende a iniciativa consideran “evidente o seu atractivo no sector do turismo sostible ou como lugar dende o que teletraballar, se seguimos mellorando o acceso a internet e buscamos solucións para o problema actual de escaseza de vivenda”. Con todo, non perden de vista o sector primario, que, ó seu xuízo, “debe ser un dos eixos sobre os que innovar, tendo en conta mercados tan interesantes a nivel nacional e internacional como o da alimentación biosaudable, as enerxías renovables e o aproveitamento dos recursos naturais baseado na economía circular e as novas tecnoloxías”.

Ó mesmo tempo e “non menos importante, podemos xerar produtos e servizos que cubran a actual demanda social de coidado persoal a todos os niveis, de conexión coa natureza e fuxida do estrés urbano”. De feito, dende a iniciativa consideran que “o problema do envellecemento da poboación que afecta os países occidentais podemos convertelo nunha oportunidade, tendo en conta que o rural ourensán lidera as taxas de lonxevidade, o que apunta á boa calidade ambiental da zona. Isto sitúanos como un destino atractivo para



**O proxecto non é unidireccional, senón que se basea na escoita activa de tódolos axentes implicados**

crear unha oferta de valor en torno ao concepto ‘wellaging’ -envellecemento e benestar- e a chamada economía de prata, con produtos e servizos para as persoas seniors”.

Pero, para todo isto, dende “Ourense rural é vida” cren que “para avanzar nestas liñas de traballo é esencial a concienciación e implicación da poboación local, que senta orgullo da súa terra e que sexa a primeira embaixadora, que coide as súas casas e a súa contorna, porque iso acrecenta o atractivo para visitantes e novos poboadores. Poñer as nosas aldeas guapas axuda a facerse querer”.

## Escoitar á veciñanza

O método de “Ourense rural é vida” consiste en traballar en coordinación cos concellos para escoitar á veciñanza e a potenciais novos poboadores que contactan co proxecto, impulsando iniciativas que dean resposta a problemas concretos “como a falta de vivenda para quen desexa trasladarse ao rural, a escasa dixitalización dos recursos culturais e turísticos, o descoñecemento de habilidades dixitais básicas, ou

certas barreiras para o emprendemento e optimización de sinerxías, como é a escasa cultura do traballo en rede”.

En apoio a estas necesidades, proximamente as nove sedes do proxecto contarán con equipamento tecnolóxico que facilite o asesoramento e a formación mediante o modelo Aulas do Futuro, con metodoloxías activas que potencian a aprendizaxe real apoiándose nas TIC.